



Plan *Educación da boa*

Queres porlle nome ao instituto?

Bases do proceso

Tomiño Instituto

Sistema de propostas, selección e votación do nome do IES de Tomiño (denominación actual)

O Consello Escolar do IES de Tomiño aprobou o proceso e procedemento para poñer nome ao centro.

I.- FASE DE PROPOSTAS

3 outubro-18 de outubro 2016

Recollida de propostas entre a comunidade escolar i educativa e todos os censados en Tomiño.

Divulgación:

- no Instituto (buzón, carteis, profesores)
- web Concello Tomiño (cartel) [www.concellotomino.es]
- web instituto Tomiño [www.edu.xunta.gal/centros/iesdetomino]
- Facebook Tomiño instituto (IES de Tomiño)
- nota de prensa a medios locais [27/9/2016]

Todas as propostas serán recibidas no correo electrónico [ies.tomino@edu.xunta.es] e no buzón físico emprazado no instituto para recepción de propostas. **Basta con propor un nome e argumentalo en máximo 50 palabras ou 250 caracteres ou catro liñas de texto.**

Comité de selección: Zara Pousa Arbones (secretaria Fundación Xavier Pousa), Albino Prada Blanco (doctor en Economía), Daniel Pino Vicente (urbanista e sociólogo), María Alonso Seisdedos, Sandra González (alcaldesa Tomiño), Carlos Villanueva (director Instituto Tomiño)

21 outubro: O comité de selección analiza todas as propostas recibidas, propón as súas (cada membro pode propor e argumentar un nome) e escolle 5 nomes que presentará ao Consello Escolar, entre os que aló menos 2 deben proceder de propostas dos cidadáns.

24 de outubro: O Consello Escolar escolle 3 dos 5 nomes. Os tres nomes escollidos son os que se someterán a votación popular, con especial invitación ao voto a toda a comunidade escolar.

II.- FASE DE VOTACIÓN POPULAR e RECONTO

25 outubro-31 outubro: Votacións. Físicas (Buzón no instituto) e vía Internet (web Concello e web instituto). Se poden votar só algún dos tres nomes escollidos polo Consello Escolar ata as 24.00 horas do 31 de outubro.

A votación, e os nomes danse a coñecer por tódolos medios de divulgación posibles (Facebook e web instituto, web e RRSS Concello de Tomiño, carteis e buzón de votación no instituto,...).

31 outubro-3 novembro: Reconto e publicación das votacións, co resultado do nome escollido polos participantes de xeito maioritario.

3 novembro: O Consello Escolar recibe as votacións e ten voto de calidade en caso de empate. Se da a coñecer o nome gañador, que será a nova denominación do IES de Tomiño. Faise público a toda a comunidade do IES (alumnos, profesores, nais, pais) nun acto posterior i enviando carta (mail), no Facebook, web e en nota informativa no instituto.